

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E AD HOC DEVELOPEMENTS, S.L. PARA A PARTICIPACIÓN NO LIVING LAB DE SAÚDE DE VIGO DA REDE DE LIVING LABS DE SAÚDE DE GALICIA (LABSAÚDE), NO MARCO DO PROXECTO INNOV4LIFE DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN INTERREG VI-A ESPAÑA-PORTUGAL (POCTEP) 2021-2027.

#### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade, en calidade de Presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, formalizou o día 5 de maio de 2026 con Ad Hoc Developements, S.L., o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia ata o 30 de novembro de 2026.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo:

*“o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre as partes en actividades de innovación aberta impulsadas polos usuarios a través do modelo Living Lab.*

*Ditas actividades de I+D+i levaranse a cabo nas instalacións do Living Lab de Saúde de Vigo, situado no Hospital Meixoeiro do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI). ”*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

*“O Living Lab de Vigo do Servizo Galego de Saúde aspira a ser o mecanismo facilitador para a creación e posta en marcha de proxectos innovadores que dean resposta a necesidades reais detectadas no sistema de saúde de Galicia no ámbito das demencias, relativas ás propias persoas doentes, ás persoas cuidadoras formais ou informais, e a profesionais sanitarios ou persoal investigador, co aliciente engadido de que pode atraer, polo seu carácter transfronteirizo e localización estratéxica, ideas e interese de ambos os lados do Miño.*

*Pola Resolución do 28 xullo de 2025 apróbanse e publícanse as bases reguladoras do procedemento para a selección das entidades que participarán no Living Lab de Vigo*



*da Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE), no marco do proxecto Innov4life do Programa de cooperación Interreg VI-A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, e procédese á súa convocatoria para o ano 2025.*

*O artigo 16 desta Resolución establece o procedemento que se seguirá para determinar as entidades que serán seleccionadas para participar no Living Lab de Saúde de Vigo.*

*O artigo 17 establece o Convenio de colaboración como o instrumento marco para o desenvolvemento dos proxectos de I+D+i.*

*Por Resolución definitiva de 6 de febreiro de 2026, e de acordo coa base 16 da anterior resolución, AD HOC DEVELOPMENTS S.L. foi seleccionada como participante no Living Lab de Saúde de Vigo.”*

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

